

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 3 DE DECEMBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 14:10 horas do día 3 de decembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 29 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
- Vocais:** D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda (asiste a todos os puntos agás o 8)
D. Aurelio Adán Fernández (asiste aos puntos 8 e 4)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 29 de novembro de 2018

Apróbase a acta da sesión do 29 de novembro de 2018 cos votos de D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora do entorno da praza América (95-441)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 29 de novembro de 2018, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por ter formulado ofertas incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

1. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
2. COPCISA, S.A.
3. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas (86-441)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:42	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34D-C13834-488D87-UAVHZN-BZA315-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

o xefe da Área de Investimentos do 29 de novembro de 2018, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP coa UTE ELSAMEX, S.A. - MECANO SPORT por ter formulado ofertas incursas en presunción de anormalidade nos 5 lotes, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento de local en Navia como sala de lectura-biblioteca (20.167-240) (informe sobre B)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos - FEDER Vigo Vertical, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, o técnico medio en Topografía da Área de Fomento e a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras Públicas o 29 de novembro de 2018 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa. Acto seguido publícase o informe no perfil de contratante.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento de local en Navia como sala de lectura-biblioteca (20.167-240)

Antes da apertura das proposicións, a secretaria comunica aos membros da Mesa que con data 23 de novembro de 2018 se requiriu a OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L., PRADO LAMEIRO, S.L. e CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. información sobre a pertenza a un grupo de empresas. Os tres licitadores presentaron a documentación requirida dentro do prazo concedido.

A continuación, pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	COPCISA, S.A.	396.977,34
2	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L.	346.060,00
3	ORECO, S.A.	404.764,66
4	PRADO LAMEIRO, S.L.	350.053,00
5	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	352.057,27



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:42	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34D-C13834-488D87-UAVHZN-BZA315-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo de maquinaria na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra para o taller de vías e obras (82.229-250)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo de maquinaria na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra para o taller de vías e obras (82.229-250)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 8 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo de maquinaria na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra para o taller de vías e obras (82.229-250) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Vrof	Puntos
1º	CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A.	36,41 %	100,00
2º	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	4,95 %	

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*



Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A., o día 14 de novembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 21 de novembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 29 de novembro de 2018 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de tres días a CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. para presentar documentación acreditativa da solvencia económica e técnica.

Durante o prazo concedido o licitador presentou documentación. Así mesmo, incorporouse ao expediente informe emitido polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais de data 3 de decembro de 2018 sobre a solvencia técnica.

Na sesión do 29 de novembro de 2018 a Mesa de Contratación revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 29 de outubro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:42	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34D-C13834-488D87-UAVHZN-BZA315-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. o procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo de maquinaria na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra para o taller de vías e obras (82.229-250) por un prezo total de 871.199,12 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 151.199,84 euros e unha baixa proporcional única do 36,41% a aplicar de forma uniforme a todos os prezos unitarios do contrato fixados no cadro I do Anexo I ao PPT.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 14:25 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:42	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34D-C13834-488D87-UAVHZN-BZA315-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		